



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 597
27 de xaneiro de 2020



CSV: BOPGDSPGLimr.JRKIG7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Designación da Ponencia en relación coa Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido [197624](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 59701 (10/PNC-004763)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións reflectidas na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2018, elaborada polo Consello Económico e Social de Galicia [197625](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 57434 (10/PNC-004567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios para o riguroso cumprimento do procedemento administrativo común das administracións públicas, establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro [197625](#)



Rexeitamento da iniciativa

I 57315 (10/PNC-004552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter na economía de Galicia a deslocalización de empresas galegas ou situadas en Galicia cara a Portugal

[197626](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 26 de novembro de 2019, polo que se acepta a renuncia de D. Xoaquín M^a Fernández Leiceaga como deputado do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña na lista do Partido Socialista Obrero Español-Partido dos Socialistas de Galicia (10/RCDE-000023) [197626](#)

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de xaneiro de 2020, polo que se toma coñecemento da renuncia de dona Beatriz Mato Otero á súa condición de deputada do Parlamento de Galicia [197627](#)

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 2 de decembro de 2019, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia pola circunscrición electoral da Coruña a D^a Encarnación Liñeiro Pouso (doc. núm. 59629) [197628](#)

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de xaneiro de 2020, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que proclama deputada electa do Parlamento de Galicia pola circunscrición electoral da Coruña a D^a Ana Belén García Vidal (doc. núm. 61910) [197628](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Resolución do 30 de decembro de 2019, da valedora do pobo, pola que se aproba o Protocolo de actuación fronte ao acoso sexual, ao acoso por razón de sexo, ao acoso discriminatorio, e fronte a todas as formas de acoso e violencia na Valedoría do Pobo [197629](#)



A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 24 de xaneiro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Designación da Ponencia en relación coa Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido

- 57950 (10/PPLC-000018)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido

BOPG nº 556, do 31.10.2019

G. P. Popular de Galicia:

Dona Jackeline Elizabeth Fernández Macías (titular)

Dona María Guadalupe Murillo Solís (suplente)

G. P. dos Socialistas de Galicia:

Dona María Teresa Porritt Lueiro (titular)

Dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo (suplente)

G. P. Grupo Común da Esquerda:

Dona Julia Torregrosa Sañudo (titular)

Don Antón Sánchez García (suplente)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego:

Dona Noa Presas Bergantiños (titular)

Dona Olalla Rodil Fernández (suplente)

G. P. Mixto:

Dona Paula Vázquez Verao (titular)

Don Francisco Casal Vidal (suplente)

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 59701 (10/PNC-004763)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións reflectidas na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2018, elaborada polo Consello Económico e Social de Galicia

BOPG nº 576, do 13.12.2019

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para facer efectivas as recomendacións do CES recollidas na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2018 e, de xeito específico, ante a desaceleración experimentada pola economía galega no ano 2018, insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas que sexan precisas para reorientar a economía galega cara a un novo modelo de crecemento, acelerando o paso cara a unha economía verde, con alto contido tecnolóxico e xeradora de novas fontes de emprego, que permita avanzar na redución da taxa de desemprego, na mellora das condicións de traballo e na corrección da desigualdade crecente.

As medidas que adopte a Xunta de Galicia deben velar e impulsar unha transición ordenada e xusta, que non deixe atrás a ninguén, solicitando ao Goberno de España que asuma esta prioridade de transición ordenada e xusta e demande os fondos necesarios para levala a cabo.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 57434 (10/PNC-004567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios para o rigoroso cumprimento do procedemento administrativo común das administracións públicas, establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro

BOPG nº 552, do 23.10.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha todos os recursos, humanos e materiais, necesarios para cumprir rigorosamente co procedemento administrativo común, por mandato legal establecido na Lei 39/2015.»

Rexeitamento da iniciativa

- 57315 (10/PNC-004552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter na economía de Galicia a deslocalización de empresas galegas ou situadas en Galicia cara a Portugal BOPG nº 547, do 16.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2020

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Acordo da Mesa do Parlamento, do 26 de novembro de 2019, polo que se acepta a renuncia de D. Xoaquín Mª Fernández Leiceaga como deputado do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña na lista do Partido Socialista Obrero Español-Partido dos Socialistas de Galicia (10/RCDE-000023)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 26 de novembro de 2019, tomou coñecemento da vontade de D. Xoaquín Mª Fernández Leiceaga de renunciar ao seu cargo de deputado do Parlamento de Galicia, que manifestou expresamente coa súa comparecencia perante a Mesa da Cámara.

A Mesa, en cumprimento do artigo 21.4 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte acordo:

1º. Aceptar a renuncia de D. Xoaquín Mª Fernández Leiceaga como deputado do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña, na lista correspondente ao Partido Socialista Obrero Español-Partido dos Socialistas de Galicia.

2º. Declarar decaídas todas as iniciativas parlamentarias formuladas polo deputado a título individual.



3º. Notificar este acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia, a Intervención e Asuntos Económicos e aos servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce efectos xurídicos desde o 27 de novembro de 2019.

4º. Notificarlle o presente acordo á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia para que se lle dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia.

5º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de xaneiro de 2020, polo que se toma coñecemento da renuncia de dona Beatriz Mato Otero á súa condición de deputada do Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de xaneiro de 2020, adoptou o seguinte acordo: Tómase coñecemento da vontade de dona Beatriz Mato Otero de renunciar ao seu cargo de deputada do Parlamento de Galicia, que manifesta expresamente coa súa comparecencia perante a Mesa da Cámara neste acto.

A Mesa, en cumprimento do artigo 21.4 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte acordo:

1º. Aceptar a renuncia de dona Beatriz Mato Otero como deputada do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña, na lista correspondente ao Partido Popular de Galicia.

2º. Declarar decaídas todas as iniciativas parlamentarias formuladas pola deputada a título individual.

3º. Notificar este acordo á interesada, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, a Intervención e Asuntos Económicos e aos servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria.

4º. Notificar este acordo á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia para que se lle dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

5º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



Acordo da Mesa do Parlamento, do 2 de decembro de 2019, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia pola circunscrición electoral da Coruña a D^a Encarnación Liñeiro Pouso (doc. núm. 59629)

Examínase o acordo da Xunta Electoral de Galicia do 2 de decembro de 2019 polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a D^a Encarnación Liñeiro Pouso, candidata do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE nas eleccións autonómicas de 2016 pola circunscrición electoral da Coruña, como consecuencia da renuncia do deputado D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, así como da correspondente credencial que a acredita como tal (doc. 59630).

A Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia do 2 de decembro de 2019 polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a D^a Encarnación Liñeiro Pouso, candidata do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE nas eleccións autonómicas de 2016 pola circunscrición electoral da Coruña, con efectos xurídicos desde o 2 de decembro de 2019.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria e ao Servizo de Publicacións.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2019

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de xaneiro de 2020, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que proclama deputada electa do Parlamento de Galicia pola circunscrición electoral da Coruña a D^a Ana Belén García Vidal (doc. núm. 61910)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de xaneiro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Examínase o acordo da Xunta Electoral de Galicia do 17 de xaneiro de 2020 polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a D^a Ana Belén García Vidal, candidata do Partido Popular nas eleccións autonómicas de 2016 pola circunscrición electoral da Coruña, como consecuencia da renuncia de D^a Beatriz Mato Otero, así como da correspondente credencial que o acredita como tal (doc. núm. 61929).

A Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia do 17 de xaneiro de 2020 polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a D^a Ana Belén García Vidal, candidata do Partido



Popular nas eleccións autonómicas de 2016 pola circunscrición electoral da Coruña, con efectos xurídicos desde o 17 de xaneiro de 2020.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria e ao Servizo de Publicacións.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Resolución do 30 de decembro de 2019, da valedora do pobo, pola que se aproba o Protocolo de actuación fronte ao acoso sexual, ao acoso por razón de sexo, ao acoso discriminatorio, e fronte a todas as formas de acoso e violencia na Valedoría do Pobo

Marco normativo xeral

A Constitución Española recoñece como dereitos fundamentais das persoas a igualdade e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social (artigo 14), o dereito á vida e á integridade física e moral, así como a non seren sometidas a tratos degradantes (artigo 15), o dereito á liberdade persoal (artigo 17) e o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe (artigo 18). O acoso sexual, o acoso por razón de sexo, o acoso discriminatorio e o acoso e a violencia son ilícitos pluriofensivos que vulneran todos ou a maioría deses dereitos fundamentais; en particular, o acoso sexual e o acoso por razón de sexo vulneran o dereito á non discriminación por razón de sexo, pois constitúen unha forma de violencia de xénero. Ademais, o acoso sexual, o acoso por razón de sexo, o acoso discriminatorio e o acoso e a violencia, cando se produciren no ámbito dunha relación de emprego, sexa laboral ou funcionarial, vulneran o dereito ao traballo, o cal ten tamén un sustento constitucional (artigo 35). Tamén o artigo 40.2 da Constitución Española encomenda aos poderes públicos que velen pola seguridade e hixiene no traballo.

Todas estas formas de violencia no traballo foron obxecto de especial atención no Dereito da Unión Europea. Xa a Recomendación do 27 de novembro de 1991 da Comisión das Comunidades Europeas, relativa á protección da dignidade da muller e do home no traballo, incorporaba un Anexo onde se contiña o Código de Conduta para prever o acoso sexual no traballo. A posterior Directiva 2002/73/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, que foi obxecto de refundición na máis recente Directiva 2006/54/CE, define tanto o acoso sexual como o acoso por razón de sexo, considerándoos discriminatorios sexistas e prohibidos, e establece a obriga dos Estados membros de alentaren os



empresarios e os responsables do acceso á formación a adoptar medidas para a prevención do acoso.

En canto ao acoso discriminatorio, aparece definido, e así mesmo regulado en termos semellantes de prohibición e prevención, na Directiva 2000/43/CE, do 29 de xuño de 2000, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato das persoas independentemente da súa orixe racial ou étnica, e na Directiva 2000/78/CE, do 27 de novembro de 2000, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación, que prohíbe todas as discriminacións por motivos de relixión ou conviccións, de discapacidade, de idade e de orientación sexual.

A Resolución do Parlamento Europeo sobre o acoso moral no traballo 2001/2339 (INI), do 20 de setembro de 2001, recomendaba aos Estados membros poren en práctica políticas de prevención eficaces e definiren procedementos adecuados para solucionar o problema do acoso moral no traballo e para evitar que se repita.

Por último, hai dous instrumentos destacables acordados polos axentes sociais a nivel europeo: o Acordo Marco Europeo sobre acoso e violencia no lugar de traballo (2007), e as directrices multisectoriais sobre violencia e acoso de terceiros (2010).

Co amparo das recentemente citadas normas constitucionais e comunitarias, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, define as condutas de acoso sexual e acoso por razón de sexo, e prohíbeas na medida en que as cualifica de discriminación por razón de sexo (artigo 7); e obriga as empresas a promoveren as condicións de traballo que eviten esas condutas e a arbitraren procedementos específicos para a súa prevención e para dar canle a denuncias ou reclamacións que poida formular quen as padeza (artigo 48)

Polo seu lado, a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, traspuxo as antes citadas Directivas 2000/43/CE e 2000/78/CE, e definiu, ademais, o concepto de acoso (artigo 28).

A prevención do acoso, sexa da clase que for, e da violencia no traballo alicérase adicionalmente na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, na medida en que esta lei comprende os riscos psicosociais.

Alén de todo o anterior, o Código Penal tipifica, desde o ano 1995, o acoso sexual (no seu artigo 184), e, desde o ano 2010, o acoso laboral (no seu artigo 173).

Por todo iso, o Estatuto básico do empregado público recoñece, entre os que enumera como dereitos individuais dos empregados públicos, o dereito ao respecto da súa intimidade, orientación sexual, propia imaxe e dignidade no traballo, especialmente fronte ao acoso sexual e por razón de sexo, moral e laboral (artigo 14.h). En similares termos, o Estatuto dos traballadores recoñece como un dereito dos traballadores, na relación de traballo, o dereito ao respecto da súa intimidade e á consideración debida á súa dignidade, comprendida a protección fronte ao acoso por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, e fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo (artigo 4.2.e).



A referencia ao marco normativo xeral débese completar coa recente aprobación do Convenio 190 da Organización Internacional do Traballo sobre a violencia e o acoso, do 21 de xuño de 2019, aínda que o recente da súa aprobación determina que aínda non fose ratificado nin polo Reino de España nin por ningún outro Estado membro da OIT.

Marco lexislativo galego

A Comunidade Autónoma de Galicia incorporouse de xeito temperán á loita contra o acoso e a violencia. Mesmo con anterioridade á Lei orgánica de igualdade de 2007, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, concretou, con carácter absolutamente pioneiro, unha serie de medidas de prevención e sanción do acoso sexual e do acoso moral por razón de xénero no ámbito do persoal da Xunta de Galicia (actualmente contidas nos artigos 55 a 64 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade). Entre as medidas de prevención recóllíase a elaboración dunha declaración de principios e o establecemento dun procedemento informal de solución para cuxa tramitación a dirección de persoal de cada unidade administrativa ou de cada centro de traballo, con previa audiencia da representación legal de persoal ao seu mando, designará un asesor ou asesora confidencial, preferiblemente muller. Como asesor ou asesora confidencial poden ser nomeados o delegado ou a delegada de prevención de riscos laborais.

Con fundamento no anteriormente exposto marco normativo xeral e galego, a valedora do pobo aproba o seguinte Protocolo de actuación fronte ao acoso sexual, ao acoso por razón de sexo e ao acoso discriminatorio, e fronte a todas as formas de acoso e violencia na Valedoría do Pobo.

Declaración de principios sobre tolerancia cero

Coa finalidade de asegurar que no ámbito de actuación da Valedoría do Pobo a dignidade da persoa sexa respectada e non se vexa afectada por ningunha conduta de acoso sexual, de acoso por razón de sexo, de acoso discriminatorio, ou de acoso ou violencia no contorno profesional, e no convencemento de que iso é presuposto esencial para o bo funcionamento da Valedoría do Pobo, a valedora do pobo (e, se for o caso, o valedor do pobo) manifesta formalmente o seu compromiso, a través do presente Protocolo, de adoptar unha **política de tolerancia cero** con respecto a tales manifestacións de acoso e violencia, sen atender a quen sexan as persoas implicadas nas condutas, nin a súa situación dentro da organización da Valedoría do Pobo.

Para os efectos de dar cumprimento á devandita declaración formal e vinculante de principios sobre tolerancia cero, a valedora do pobo (e, se for o caso, o valedor do pobo) asume como **obxectivos xerais** deste Protocolo antiacoso e violencia os seguintes:

en primeiro lugar, establecer as medidas oportunas dirixidas a evitar o acoso sexual, o acoso por razón de sexo, o acoso discriminatorio, e todas as formas de acoso e violencia na Valedoría do Pobo, que se establecerán con independencia de se houber ou non queixas ou denuncias (prevención primaria);

en segundo lugar, establecer os procedementos formais e informais adecuados no caso de se presentar unha queixa ou unha denuncia de acoso ou violencia no contorno profesional (prevención secundaria); e



en terceiro lugar, facilitar a recuperación do proxecto de vida persoal e profesional da persoa sometida a acoso ou violencia no contorno profesional unha vez que quedou acreditada a realidade da denuncia (prevención terciaria).

En cumprimento deses obxectivos xerais de prevención primaria, secundaria e terciaria, enúncianse como **obxectivos específicos** deste protocolo os seguintes:

a) Promover, dentro da Valedoría do Pobo, unha cultura corporativa de prevención e erradicación do acoso sexual, do acoso por razón de sexo, do acoso discriminatorio e do acoso e da violencia no traballo, a través de accións informativas e formativas de sensibilización dirixidas a todas as persoas a que se aplique este protocolo.

b) Informar do rexeitamento de todo comportamento de acoso sexual, acoso por razón de sexo, acoso discriminatorio, e acoso ou violencia no contorno profesional, realizado dentro do ámbito do Protocolo, e potenciar a difusión de toda esta información.

c) Formar e sensibilizar o persoal en materia de acoso sexual, acoso por razón de sexo, acoso discriminatorio e acoso ou violencia no contorno profesional, dando pautas xerais e concretas para identificar as devanditas situacións, previlas e evitar que se produzan no ámbito profesional, ben nas relacións entre o propio persoal ou co persoal doutros organismos públicos, ben nas relacións coa cidadanía.

d) Dispor da organización específica e das medidas necesarias para atender, tramitar e resolver as queixas e denuncias que se produzan en aplicación do Protocolo.

e) Garantir o exercicio independente das funcións do asesor ou asesora confidencial, salvaguardando a súa indemnidade fronte a eventuais represalias ou retorsións procedentes de calquera persoa de dentro ou fóra da Valedoría do Pobo.

f) Sancionar, tras o correspondente procedemento, a quen resulte responsable dunha conduta de acoso ou violencia no traballo, nos termos que están establecidos na lexislación vixente na materia.

g) Implementar, tras o correspondente procedemento, as medidas necesarias para que quen sexa vítima de acoso ou violencia no traballo poida recuperar plenamente o seu proxecto de vida persoal e profesional.

h) Garantir a difusión deste Protocolo de maneira que chegue a todas as persoas integrantes da Valedoría, ou de quen se dirixa a ela como cidadán ou cidadá, dándolle publicidade a través da páxina web, onde se colocará nun lugar visible e facilmente accesible, e coa posibilidade de ser descargado desde a páxina web.

Ámbito subxectivo de aplicación

1. O Protocolo aplicarase na súa integridade cando a persoa presuntamente vítima e a persoa presuntamente agresora sexan persoal integrante da Valedoría do Pobo, calquera que sexa a súa categoría, tanto se están en servizo activo coma se están noutra situación administrativa, sempre



que, no caso de ser a persoa presuntamente agresora a que se encontra noutra situación administrativa, poida verse sometida a responsabilidade disciplinaria nos termos legalmente previstos.

2. De a persoa presuntamente vítima ou a persoa presuntamente agresora seren empregados públicos ou empregadas públicas non integrantes da Valedoría do Pobo, este protocolo aplicarase en conxunción, na medida do posible, coas medidas que estean establecidas no protocolo antiacoso e na lexislación aplicable no ámbito da Administración pública a que pertenza a outra persoa implicada.

En todo caso, e con independencia das medidas que estean establecidas no protocolo antiacoso e na lexislación aplicable no ámbito da Administración pública a que pertenza a outra persoa implicada, aplicaranse como garantía mínima de protección das vítimas as seguintes regras deste protocolo:

a) Aplicaranse en todo caso as medidas de prevención primaria establecidas neste protocolo, cuxa execución se realizará, na medida do posible, cooperando con aquelas administracións públicas con cuxo persoal se poidan producir situacións de acoso ou violencia (información elaborada e publicada de común acordo pola Valedoría do Pobo e outras administracións públicas, cursos de formación para varios corpos organizados pola Valedoría do Pobo e outras administracións públicas).

b) Á persoa presuntamente agresora integrante da Valedoría do Pobo poderáselle aplicar, á vontade da presunta vítima, o procedemento informal establecido no Protocolo e, en todo caso, a responsabilidade disciplinaria en que puidese incorrer a dita persoa axustarase ás infraccións e sancións previstas na lexislación aplicable ao persoal da Valedoría do Pobo (prevención secundaria).

c) A persoa presuntamente vítima integrante da Valedoría do Pobo será apoiada en todo o posible para a defensa dos seus intereses dentro dos procedementos aplicables segundo o estatuto profesional da persoa presuntamente agresora e o protocolo antiacoso que lle sexa aplicable (prevención secundaria), e, en todo caso, aplicaráselle a totalidade das medidas do presente protocolo dirixidas a facilitar a recuperación do seu proxecto persoal e profesional (prevención terciaria).

3. Se a persoa que realiza a denuncia ou queixa for un cidadán ou cidadá ou, en xeral, calquera outra persoa non integrada na Valedoría nin empregada noutra Administración pública, á persoa presuntamente agresora integrante do persoal da Valedoría do Pobo poderáselle aplicar, á vontade da presunta vítima, o procedemento informal establecido no Protocolo e, en todo caso, a responsabilidade disciplinaria en que puidese incorrer a dita persoa axustarase ás infraccións e sancións previstas na lexislación aplicable ao persoal da Valedoría do Pobo.

En particular, estas garantías aplicaranse se a persoa que realiza a denuncia ou queixa for persoal dunha empresa externa contratista de servizos da Valedoría do Pobo.

4. Se a persoa que realiza a denuncia ou queixa de acoso ou violencia no ámbito profesional for integrante do persoal da Valedoría do Pobo, e a persoa presuntamente agresora for un cidadán ou



cidadá ou, en xeral, calquera outra persoa non integrada na Valedoría nin empregada noutra Administración pública (acoso e violencia de terceiros), a Valedoría do Pobo, de maneira imparcial e independente, asesorará a persoa denunciante para a defensa dos seus intereses dentro dos procedementos legalmente aplicables, e, en todo caso, aplicaráselle, se finalmente se acreditar a queixa ou denuncia, a totalidade das medidas do presente protocolo dirixidas a facilitar a recuperación do seu proxecto persoal e profesional.

En particular, se a persoa contra quen se dirixe a denuncia ou queixa for persoal dunha empresa externa contratista da Valedoría do Pobo, esta dirixirase a esa empresa co obxecto de adoptar as medidas oportunas para evitar as situacións de acoso e violencia, e, de non seren atendidas, poderase rescindir a contratación nos termos establecidos no prego de condicións e na normativa aplicable. Para estes efectos, nos pregos de condicións que se subscriban a partir da entrada en vigor deste protocolo incluírase a obriga da empresa contratista de establecer medidas dirixidas a evitar situacións de acoso e violencia, e de atender, para eses efectos, as indicacións realizadas pola valedora ou valedor. Tamén se especificará que, se se produciu unha denuncia ou queixa contra o seu persoal e non foron atendidas as indicacións que respecto diso fixese a valedora ou valedor, haberá causa para a rescisión da contratación.

Dereitos de participación

Calquera das persoas integradas no persoal da Valedoría do Pobo poderá ser designada asesor ou asesora confidencial nos termos establecidos no presente protocolo e calquera delas poderase dirixir en calquera momento á valedora ou valedor do pobo para propor melloras da prevención do acoso sexual, acoso por razón de sexo, acoso discriminatorio e acoso ou violencia no contorno profesional.

Ámbito obxectivo de aplicación: definicións e listaxe non exhaustiva de condutas

1. De conformidade co artigo 7.1 da Lei orgánica de igualdade de 2007, é **acoso sexual** calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva.

De maneira meramente exemplificativa, e en ningún caso exhaustiva, considéranse comportamentos constitutivos de acoso sexual:

- un contacto físico innecesario, rozamentos ou palmadiñas;
- observacións suxestivas e desagradables, chistes ou comentarios sobre a aparencia ou aspecto, e abusos verbais deliberados;
- invitacións impúdicas ou comprometedoras;
- uso de imaxes ou pósters pornográficos nos lugares de traballo;
- xestos obscenos;



- observación clandestina de persoas en lugares reservados, como sería o caso dos servizos;
- demandas de favores sexuais;
- agresións físicas.

2. De conformidade co artigo 7.2 da Lei orgánica de igualdade de 2007, é **acoso por razón de sexo** (ou acoso sexista) calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo.

De maneira meramente exemplificativa, e en ningún caso exhaustiva, considéranse comportamentos constitutivos de acoso por razón de sexo:

- comentarios despectivos acerca das mulleres ou dos valores considerados femininos, e, en xeral, comentarios sexistas sobre mulleres ou homes baseados en prexuízos de xénero;
- demérito da valía profesional polo feito da maternidade ou da paternidade;
- condutas hostís cara a quen —sexa home ou muller— exercite dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e profesional;
- minusvaloración, desprezo ou illamento de quen non se comporte conforme os roles socialmente asignados ao seu sexo.

3. De conformidade co artigo 7.3 da Lei orgánica de igualdade de 2007, consideraranse, en todo caso, discriminatorios o acoso sexual e por razón de sexo.

4. De conformidade co artigo 7.4 da Lei orgánica de igualdade de 2007, o condicionamento dun dereito ou dunha expectativa de dereito á aceptación dunha situación constitutiva de acoso sexual (**chantaxe sexual**) ou de acoso por razón de sexo (**chantaxe sexista**) consideraranse actos de discriminación por razón de sexo.

5. Tomando en consideración o establecido no artigo 28.1.d) da Lei 62/2003, do 30 de decembro, enténdese como **acoso discriminatorio** toda conduta relacionada coa orixe racial ou étnica, a relixión ou conviccións, a discapacidade, a idade ou a orientación sexual dunha persoa, que teña como obxectivo ou consecuencia atentar contra a súa dignidade e crear un contorno intimidatorio, humillante ou ofensivo. Tales condutas consideraranse en todo caso actos discriminatorios (artigo 28.2).

De maneira meramente exemplificativa, e en ningún caso exhaustiva, consideraranse comportamentos constitutivos de acoso discriminatorio:

- os comentarios ou comportamentos racistas, contrarios á liberdade relixiosa ou á non profesión de relixión ou credo;



- os comentarios ou comportamentos degradantes da valía persoal ou profesional das persoas discapacitadas;
- os comentarios ou comportamentos pexorativos das persoas maduras ou novas;
- os comentarios ou comportamentos homófobos ou lesbófobos;

incluíndo, en todos os casos, os comportamentos de segregación ou illamento das persoas discriminadas.

6. Para os efectos do presente protocolo, tamén se considerará acoso discriminatorio todo aquel comportamento ou comentario constitutivo de discriminación por calquera outra causa de discriminación prevista na lexislación vixente. En particular, aquel comportamento ou comentario constitutivo de discriminación **por razón do uso dunha lingua oficial** nos termos establecidos na Constitución española, no Estatuto de autonomía de Galicia e na lexislación que os desenvolve nesta materia.

7. Para os efectos deste protocolo, considérase **acoso psicolóxico ou moral** no contexto laboral a exposición a condutas de violencia psicolóxica intensa, dirixidas de forma reiterada e prolongada no tempo cara a unha ou máis persoas, por parte doutra/s que actúan fronte a aquela/s desde unha posición de poder (non necesariamente xerárquica senón en termos psicolóxicos), co propósito ou o efecto de crear un contorno hostil ou humillante que perturbe a vida profesional da vítima. Esta conduta é un atentado á dignidade da persoa, así como un risco para a súa saúde.

De maneira meramente exemplificativa, e en ningún caso exhaustiva, considéranse comportamentos constitutivos de acoso psicolóxico ou moral no contexto laboral:

- deixar o empregado ou empregada de forma continuada sen ocupación efectiva, ou incomunicado/a, sen causa ningunha que o xustifique;
- ocupación en tarefas inútiles ou que non teñen valor;
- exixirlle ao empregado ou empregada uns resultados desproporcionados de imposible cumprimento postos en relación cos medios materiais e persoais que se lle asignan;
- accións de represalia fronte a quen expuxo queixas, denuncias ou demandas, ou a quen colaborou coas persoas reclamantes;
- insultar ou menosprezar repetidamente un empregado ou empregada;
- reprendelo/a reiteradamente diante doutras persoas;
- difundir rumores sobre a súa profesión ou sobre a súa vida privada.

8. Para os efectos do presente protocolo, e de conformidade co Acordo Marco Europeo sobre acoso e violencia no lugar de traballo (2007), considérase que hai **acoso** cando unha ou máis persoas son



maltratadas varias veces e deliberadamente, son ameazadas ou humilladas en situacións vinculadas co seu traballo, e considérase que hai **violencia** cando se produce unha agresión a unha ou máis persoas en situacións vinculadas co seu traballo. En todo caso, terán a finalidade ou o efecto de prexudicar a dignidade da vítima, danar a súa saúde ou crearlle un contorno de traballo hostil.

9. Para os efectos do presente protocolo, e de conformidade coas directrices multisectoriais sobre **violencia e acoso de terceiros** (2010), a violencia e o acoso de terceiros poden manifestarse a través de múltiples situacións: poden ser violencia ou acoso físico, psicolóxico, verbal ou sexual; poden ser un incidente illado ou representar pautas de comportamento máis sistemáticas dun individuo ou dun grupo; poden orixinarse por accións ou comportamentos de clientes, compradores, pacientes, usuarios, alumnos ou familiares, público en xeral ou provedores de servizos; abarcan desde casos de falta de respecto ata ameazas máis serias e acoso físico; poden ser por mor de problemas de saúde mental ou estar motivados por razóns emocionais, de antipatía persoal, prexuízos por motivos de xénero, orixe racial ou étnica, relixión ou crenzas, discapacidade, idade, orientación sexual ou imaxe física; poden constituír un delito penal dirixido ao traballador ou á súa reputación, ou á propiedade do empregador ou cliente, e poden estar organizados ou ser imprevistos, e requirir a intervención das autoridades públicas; afectan profundamente a personalidade, dignidade e integridade das vítimas; acontecen no lugar de traballo, nun espazo público ou nun contexto privado, mais sempre na esfera laboral; poden consistir un acoso virtual ou *ciberbullying* polo amplo catálogo de tecnoloxías de información e comunicación.

10. Para os efectos do presente protocolo, e de conformidade co Convenio 190 da Organización Internacional do Traballo sobre a violencia e o acoso (do 21 de xuño de 2019), a expresión **violencia e acoso** no mundo do traballo designa un conxunto de comportamentos e prácticas inaceptables, ou de ameazas de tales comportamentos e prácticas, xa sexa que se manifesten unha soa vez ou de maneira repetida, que teñan por obxecto, que causen ou sexan susceptibles de causar, un dano físico, psicolóxico, sexual ou económico, e inclúe a violencia e o acoso por razón de xénero; e a expresión violencia e acoso por razón de xénero designa a violencia e o acoso que van dirixidos contra as persoas por razón do seu sexo ou xénero, ou afectan desproporcionadamente a persoas dun sexo ou xénero determinado, e inclúe as condutas de acoso sexual.

Estatuto do asesor ou asesora confidencial

Como medida de prevención primaria, ademais da declaración de principios que se materializa na presente resolución, e a súa adecuada difusión, procederáse á designación dun asesor ou asesora confidencial co seguinte estatuto persoal:

Nomeamento. O asesor ou asesora confidencial será nomeado pola valedora do pobo. Para o nomeamento tomará en conta as solicitudes presentadas en impreso normalizado que figura como anexo por calquera das persoas integradas no persoal da Valedoría do Pobo. Expresarase nas solicitudes se se dispón do aval doutros compañeiros ou compañeiras de traballo, expresando o seu nome, se a persoa solicitante ten coñecementos na materia, e calquera outro mérito ou observación que se quixer destacar. Despois dunha entrevista con todas as persoas solicitantes, a valedora do pobo realizará o nomeamento valorando motivadamente todas esas circunstancias, e as que se puideren derivar da debida prestación da función. Todo iso, no ben entendido de que non se trata dun procedemento electivo no cal sexa totalmente decisivo o número de avais, nin tampouco dun



concurso de méritos valorables de maneira obxectiva, senón da designación dunha persoa que, con compromiso de independencia e cuns coñecementos suficientes, esperte confianza entre os seus compañeiros e compañeiras de traballo, co cal se evitará utilizar como criterios exclusivos de decisión a xerarquía, a antigüidade, o desempeño de cargos electivos sindicais, ou outros que non se poidan derivar claramente do Protocolo, aínda que estes criterios se poderán considerar en canto acrediten as circunstancias antes expostas, e as que se puideren derivar da debida prestación da función.

De non haber solicitudes suficientes, a valedora do pobo realizará o nomeamento na persoa que, ao seu entender e motivadamente, reúna as circunstancias antes expostas, así como as que se puideren derivar da debida prestación da función.

Coas mesmas exixencias, nomearase un asesor ou asesora confidencial suplente para os casos de ausencia, enfermidade, ou abstención ou recusación de quen sexa titular.

Competencias. O asesor ou asesora confidencial é o/a encargado/a de tramitar o procedemento informal de solución, e de asesorar e apoiar a vítima para a mellor efectividade das medidas de prevención terciaria. No exercicio das súas funcións poderase dirixir a calquera persoa dentro da Valedoría do Pobo, ou directamente á valedora ou valedor do pobo, de o considerar conveniente en xeral ou para unha queixa concreta, pero gardando a debida confidencialidade no exercicio das súas funcións.

Dedicación. O tempo que dedique ao cumprimento das súas funcións considerárase como tempo de traballo, e se o exercicio das súas funcións o/a obrigar a un compromiso temporal que afecte a súa vida persoal ou familiar, poderá solicitar o permiso durante o tempo indispensable para o seu cumprimento sen minguar a súa vida persoal ou familiar.

Deber de segredo. O asesor ou asesora confidencial terá escrupuloso deber de segredo e non poderá ser chamado/a declarar no caso de que, en relación cos feitos obxecto dunha queixa que dese lugar a tramitar un procedemento informal, se seguise con posterioridade expediente disciplinario contra algunha persoa. Unicamente se lle poderá solicitar confirmación de se seguiu un procedemento informal de solución respecto ás persoas implicadas e aos feitos de que se trata.

Indemnidade. A valedora do pobo ou se for o caso o valedor do pobo, garantirá de maneira efectiva a debida protección do asesor ou asesora confidencial fronte ás represalias ou ás retorsións derivadas do exercicio de calquera das súas funcións.

Abstención e recusación. O asesor ou asesora confidencial titular queda suxeito/a ás causas legais de abstención e recusación aplicables na función pública, caso en que será substituído/a polo asesor ou asesora confidencial suplente. Se a persoa vítima considera que concorre algunha das causas de abstención, poderá acudir directamente ao asesor ou asesora confidencial suplente xustificando esa causa sen exixir proba plena.

Procedemento informal de solución

1. O procedemento informal de solución é un instrumento de prevención secundaria a favor da persoa que entenda que é vítima dun acoso, ou en prevención dunha posible situación de acoso,



para garantir o seu dereito a un ambiente de traballo sen acoso, dunha maneira informal, rápida e confidencial, e sen necesidade de dirixir un procedemento disciplinario coas molestias que iso supón para a propia vítima como consecuencia de procesos de vitimización secundaria. Non se aplicará o procedemento informal de solución cando os feitos revistan caracteres de delito perseguible de oficio ou mediante querela ou denuncia do Ministerio Fiscal, consistan en violencia ou, pola súa gravidade, pola súa transcendencia ou por calquera circunstancias concorrentes, se comprometa o bo funcionamento ou a imaxe pública da Valedoría do Pobo.

2. Quen entenda que é vítima de acoso, ou para previr unha posible situación de acoso, pode presentar unha queixa ante o asesor ou asesora confidencial. A queixa pódese realizar en calquera forma, por escrito ou verbalmente. Non será necesario gardar arquivos escritos das queixas presentadas, e se o asesor ou asesora decidir gardalos identificando as persoas implicadas e/ou especificando os feitos concretos de que se trate, farao salvagardando a debida confidencialidade dos datos persoais.

No mes de xaneiro de cada ano natural, o asesor ou asesora confidencial remitirá un informe á valedora do pobo, ou se for o caso valedor do pobo, en que se limitará a expresar o número de queixas tramitadas, e os trámites realizados respecto diso, pero sen identificar de ningún modo as persoas implicadas, ou os feitos concretos de que se trate.

3. De os feitos non revestiren caracteres de delito perseguible de oficio ou mediante querela ou denuncia do Ministerio Fiscal, o asesor ou asesora confidencial poderá, exclusivamente a pedimento da persoa que presentou a queixa, utilizar o presente procedemento informal de solución. Para tomar esta decisión, o asesor ou asesora confidencial poderá consultar coa valedora do pobo, ou se for o caso valedor do pobo, sen identificar a ningunha das persoas implicadas.

En ningún caso o asesor ou asesora confidencial exixirá á persoa que presentou a queixa probas demostrativas dos feitos en que consiste, ou realizará actuacións instrutoras dirixidas á constatación deses feitos. A súa actuación non se dirixe en ningún caso á instrución dun expediente disciplinario, ou á súa preparación.

4. Para tramitar a queixa, o asesor ou asesora confidencial, só ou en compañía da persoa que a presentou, á elección desta, dirixirase persoalmente á persoa a quen se dirixe a queixa para manifestarlle a existencia dunha queixa sobre a súa conduta e as responsabilidades disciplinarias en que, de seren certas e de se reiteraren as condutas obxecto da queixa, a persoa a quen se dirixe a queixa podería incorrer, facéndolle saber que a tramitación do procedemento informal de solución nin é unha sanción disciplinaria nin deixa constancia da súa tramitación en ningún arquivo administrativo, nin supón constatación dos feitos da queixa. Cando o solicite a persoa que presentou a queixa e sempre que, a xuízo do asesor ou asesora confidencial, os feitos da queixa non o exixan, non será identificada ante a persoa a quen se dirixe a queixa.

En todo caso, o asesor ou asesora confidencial informará a persoa a quen se dirixe a queixa de que pode gardar silencio ante a queixa, de que pode dar a explicación que estime oportuna ou de que pode manifestar a súa oposición á queixa, sen que o que diga poida ser utilizado nunca na súa contra. Poderá tamén decidir se quere que a resposta que deu se lle comunique ou non á persoa que presentou a queixa.



5. Realizada a xestión, o asesor ou asesora confidencial comunicará o seu resultado á persoa que presentou a queixa, transmitíndolle, de ser o caso, a explicación que dese a persoa a quen se dirixe a queixa, concluíndo así o procedemento informal.

6. Unha vez tramitada unha queixa por uns determinados feitos, non se poderá seguir outro procedemento informal, de modo que, se se presenta outra queixa, o asesor ou asesora confidencial informará a quen se queixa do seu dereito para iniciar o procedemento disciplinario formal de conformidade co establecido na lexislación aplicable.

Procedemento disciplinario formal

Seguirase sempre o procedemento disciplinario formal nos seguintes supostos:

— Se os feitos non son canalizables a través do procedemento informal de solución porque revisten caracteres de delito perseguible de oficio ou mediante querela ou denuncia do Ministerio Fiscal, porque consisten en violencia ou porque, pola súa gravidade, pola súa transcendencia ou por calquera circunstancia concorrente, se compromete, de seguirse tal procedemento informal, o bo funcionamento ou a imaxe pública da Valedoría do Pobo.

— Se, sendo os feitos canalizables a través do procedemento informal de solución, a persoa presuntamente vítima decide libremente non utilizalo.

— Se, sendo os feitos canalizables a través do procedemento informal de solución e utilizándoo a persoa presuntamente vítima, esta non se considera satisfeita na solución alcanzada por entender insuficientes as explicacións ofrecidas ou por producirse reiteración na conduta denunciada.

En todos estes casos, a persoa presuntamente vítima pódese dirixir ao órgano competente para iniciar o procedemento disciplinario formal para os efectos da exixencia da responsabilidade disciplinaria en que puidese incorrer a persoa presuntamente agresora, sen prexuízo de que o procedemento disciplinario formal se poida iniciar de calquera outra das maneiras previstas na normativa aplicable.

2. A responsabilidade disciplinaria exixirase de conformidade coa normativa aplicable ao persoal da Valedoría do Pobo coa particularidade de que a denuncia se poderá formalizar ante o asesor ou asesora confidencial, quen a poñerá en coñecemento do órgano competente para incoar o procedemento disciplinario. Desta actuación do asesor ou asesora confidencial en ningún caso se poderá deducir que se está dando credibilidade á persoa presuntamente vítima.

3. En todo caso, garantirase a confidencialidade dos datos persoais das partes implicadas durante a tramitación do procedemento disciplinario e a debida protección das persoas que denuncien ou testifiquen, salvo que se evidenciase a súa mala fe.

4. Todo o anterior enténdese sen prexuízo das responsabilidades derivadas da comisión do delito de acoso moral tipificado no artigo 173 do Código penal, do delito de acoso sexual tipificado no artigo 184 do Código penal, ou do delito de que se trate de acordo cos feitos. De se seguiren actuacións penais por instancia da persoa denunciante perante o xulgado de instrución ou ante o



Ministerio Fiscal, paralizarse o procedemento disciplinario contra a persoa denunciada en tanto non recaia sentenza xudicial ou auto xudicial de sobresemento firme ou, se non hai actuación xudicial, en canto o Ministerio Fiscal non decrete o arquivo das dilixencias seguidas.

Garantías comúns

Sen prexuízo do establecido en relación co procedemento disciplinario formal na normativa aplicable, tanto nese procedemento como no informal de solución respectaranse as seguintes garantías en caso de acoso ou violencia no traballo:

a) **Garantía de obxectividade.** Todas as persoas que interveñan actuarán de boa fe buscando, no caso do procedemento informal de solución, a realidade dun ambiente de traballo sen acoso e, no caso do procedemento disciplinario formal, o esclarecemento dos feitos. Os procedementos tramitaranse dando tratamento xusto a todas as persoas que estean implicadas.

b) **Garantía de seriedade.** É necesario proceder coa discreción necesaria para protexer a intimidade e a dignidade das persoas afectadas. As actuacións ou dilixencias débense realizar coa maior prudencia e co debido respecto á dignidade e aos dereitos de todas as persoas implicadas.

c) **Garantía de confidencialidade.** As persoas que interveñan tanto no procedemento informal de solución como o procedemento disciplinario formal gardarán unha estrita reserva e nunca deberán transmitir nin divulgar información sobre o contido das queixas ou denuncias presentadas, en proceso de investigación ou que estean resoltas, das que teñan coñecemento.

d) **Garantía de celeridade.** A tramitación dos procedementos levarase a cabo coa debida profesionalidade, dilixencia e sen demoras indebidas, de forma que o procedemento, sexa o informal ou o formal, poida ser completado no menor tempo posible respectando as garantías debidas.

e) **Garantía de inmunidade.** Prohíbense expresamente as represalias contra as persoas que efectúen unha queixa ou unha denuncia, comparezan como testemuñas ou participen doutro xeito nun procedemento formal ou informal sobre acoso sexual ou por razón de sexo nos termos previstos na normativa aplicable.

Prevención terciaria

Constatada a existencia de acoso ou violencia no contorno profesional en sentenza penal do órgano competente e sen necesidade de que sexa firme, ou imposta sanción administrativa polo órgano competente, sen necesidade tampouco de que sexa firme, a Valedoría do Pobo porá en marcha inmediatamente as medidas conducentes a favorecer a recuperación do proxecto persoal e profesional da persoa vítima de condutas de acoso e violencia no contorno profesional, e, entre elas, as seguintes:

a) Examinará coa celeridade necesaria todas aquelas solicitudes relativas á súa situación administrativa, á concesión de licenzas ou permisos, e a calquera outra solicitude que a persoa vítima realizase respecto aos seus dereitos profesionais.



b) Facilitará o seu acceso a cursos de formación coa finalidade de compensar, se for o caso, os prexuízos formativos que se produciron polo acoso ou a violencia.

c) Asesorará a vítima en relación coa prestación de asistencia sanitaria, en especial a atención psicolóxica, a que teña dereito conforme o réxime de seguridade social, axudando a liquidar cantos problemas burocráticos xurdan.

O asesor ou asesora confidencial asesorará e apoiará as xestións da vítima a prol da mellor efectividade das medidas de prevención terciaria aplicables.

Comisión de seguimento

Todas as competencias previstas neste protocolo atribuídas á valedora do pobo, ou valedor do pobo, exercitaraas coa audiencia previa dunha comisión de seguimento integrada polo valedora adxunta ou o valedor adxunto, polo secretario xeral ou secretaria xeral e por unha persoa, preferiblemente muller, designada pola valedora do pobo ou o valedor do pobo entre os asesores/as de libre designación destinados na Valedoría do Pobo.

Entrada en vigor

O presente protocolo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Daráselle a oportuna publicidade no centro de traballo da Valedoría do Pobo e a través da páxina web da Valedoría do Pobo.

A partir da súa entrada en vigor, procederase á designación do asesor ou asesora confidencial, logo da apertura dun prazo de presentación de solicitudes de 15 días naturais desde a data da publicación do presente protocolo, e constituirase a comisión de seguimento.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2019
M^a Dolores Fernández Galiño
Valedora do pobo



ANEXO**Modelo de instancia para solicitar o nomeamento como asesor/a confidencial.**

Apelidos e nome

DNI


Tempo de servi- zos na Valedoría do Pobo		Posto actual	
--	--	--------------	--

MÉRITOS ALEGADOS PARA SER DESIGNADO/O ASESOR/A CONFIDENCIAL: a) Aval doutros/as integrantes do persoal da Valedoría do Pobo (con indicación do nome completo de cada avalista): b) Coñecemento específico en materia de prevención de riscos laborais, solución de conflitos, igualdade de trato e oportunidades e principio de non discriminación. c) Outros méritos ou observacións que poidan favorecer o adecuado exercicio das competencias que tería que desempeñar como asesor/a confidencial.
--

Lugar e data

sinatura

EXCMA. SRA. VALEDORA DO POBO



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

